

Científic@s galeg@s do s. XVIII de Institucións universitarias

Bermejo Patiño, Manuel R.; Fernández-García, M^a Isabel; Fernández-Fernández, Beatriz; García-Seijo, Inés; Gómez-Fórneas, Esther; González-Noya, Ana M.; Maneiro, Marcelino; Pedrido, Rosa; Pintos Barral, Xoana; Rodríguez-Silva, Laura

*Departamento de Química Inorgánica
Universidade de Santiago de Compostela*

Introdución

O século da Ilustración e da revolución científica é o século XVIII. Este século supón un cambio radical na sociedade, que xa se viña producindo desde o s. XVII, e que representa o cambio máis importante dentro da historia da ciencia. As academias e as sociedades científicas neste século tiveron moita importancia polo seu labor de investigación, promoción e difusión da actividade científica. Renováronse as universidades para que as cátedras fosen as difusoras do saber.

No pasado congreso de ENCIGA (1), celebrado en Sarria no ano 2015, presentabamos unha comunicación sobre o estado da cuestión da Ciencia en Galicia no século XVIII. Dabamos conta de que, nesa época, en Galicia, os estudos e traballos de Ciencia se realizaban fundamentalmente fóra da Universidade, pero tamén dentro da Institución académica compostelá (2). Nesta comunicación queremos afondar máis neste tema presentando algúns científic@s galeg@s relacionados coa Institución Universitaria. Pretendemos amosar moitos dos atrancos que algúns profesores da Universidade compostelá tiveron que salvar para conseguir modernizar esta Institución, e sinalar tamén como se foi producindo a evolución do ensino universitario nesa época cara posturas máis modernas.

A Universidade no século XVIII

Na universidade de Santiago, desde o s.XVII¹ as ordenes relixiosas adquiriran un notable control da ensinanza das Artes e da Teoloxía. Se repartían polo tanto a maioría das cátedras (Xesuítas, Dominicanos e Franciscanos). No intervalo 1678-1751 a Universidade tiña 5 Facultades e 14 cátedras que non eran moitas se temos en conta que en Salamanca ou Valladolid tiñan mais de 30, ou as 17 de Sevilla.



As Facultades eran as de Gramática (Xesuítas), Artes onde os Xesuítas e Dominicanos tiñan cadanseu (2 cátedras + 1 cátedra no convento), os Franciscanos (1 cátedra + 2 cátedras no convento); Teoloxía onde os Xesuítas e Dominicanos tiñan 2 cátedras; Canons, Leis e Medicina. Os Beditinos tiñan unha cátedra (La de Prima de Sto. Tomas). Ademais 2 cátedras de Escritura e Decreto que levaban os canónicos lectorais.

As disputas derivadas da creatividade teolóxica de carácter escolástico entre as diferentes ordenes relixiosas perviviu ata mediados do século XVIII e derivou nunha continuidade, a orixinalidade era pouco frecuente e arriscada e así era allea as

realidade das ciencias físico-naturais. Adicabábanse así a Filosofía e a Teoloxía. As cátedras de Medicina eran dúas e as ensinanzas que se impartían despois dun bacharelato en Artes eran teóricas sen ningunha práctica. Os innovadores trataban de dividir a cátedra de Anatomía e de Ciruxía para solucionar o problema das diseccións. Os grupos de poder na Universidade eran: os colexiais, as ordenes relixiosas o cabido e en menor medida os manteistas. **Os colexiais** eran do Colexio de S Xerome para estudantes de Artes e que despois podían ir a outras carreiras, por iso se chamaba de menores, do Colexio de Santiago Alfeo ou de Fonseca para estudantes de Ciencias Maiores; tamén existía o Colexio de S Clemente de Pasantes para estudantes que tivesen o grao de Bacheller. O feito de que a Universidade e o Colexio de Fonseca compartisen edificio derivou nunha serie de privilexios e deu lugar a confusións. **Os manteistas** eran os estudantes ordinarios da Universidade e a pesares de ser o 90% ou mais da matrícula carecían de voto no claustro e a súa influencia e promoción na institución foi escasa.


A grande reforma na Universidade de Santiago foi con Fernando VI (1748-1757). Creouse unha nova biblioteca (a antiga quedou no colexio Fonseca) e unha vez feito o inventario no que se observou a abundancia de libros de relixiosos e teolóxicos decidiuse a compra de obras fundamentais nos diversos avances científicos da época moderna, Vesalio, Bacon, Newton, Boyle, Tosca, Wolf y Bernouille (Matemáticas)..... Libros que para os plans de estudos de 1772. A maioría eran de procedencia francesa.

O modo de ensinanza era o ditado no que os catedráticos lían desde a cátedra os contidos da materia e os alumnos copiaban o texto e despois o estudaban, tamén a medida que avanzada o século existía o libro de texto e a explicación sobre dito libro.

A ensinanza das ciencias e Científicos destacados

Englobouse dentro dos estudos de Artes e estaba orientada aos estudos de Medicina. As matemáticas trataron de ser introducidas no 1750 e na reforma de 1772 xa figuran as materias Matemáticas e Física Experimental obrigatorias en Medicina. Falábase nunha Física Experimental fronte a Física Aristotélica na ensinanzas de Teoloxía.

D. Antonio Arias Teixeira, Cabanelas (Pazo de), O Carballiño (Ourense) 1709, Vilar de Ordellas, Esgos (Ourense) 1762..² **Catedrático de Matemáticas** da USC desde 1752, no curso 1753 impartiu Principios de Xeometría, no 1754 e 1755 Aritmética e Proporcións, e no 1756 a falta de estudantes fixo que se fora a Vilar de Ordellas no curato de Esgós. A súas obras están na **Fundación Penzol**). *Plano dun forno.*



D. Anselmo Arias Teixeira Cabanelas, O Carballiño (Ourense) 1707, 1756. dedicou toda a súa vida a manter e administrar o patrimonio do pazo de Fondodevila, en Cabanelas (fundamentalmente terras de viño), e mesmo a preocuparse da educación e sostemento do resto da familia (sete irmáns). Tivo un gran interese pola **alquimia** e publicou numerosos escritos,.

D. Luís Marcelino Pereira (San Andrés de Illobre, Vedra 1754 – Madrid, 1811) Xurista e ilustrado galego. No 1772 graduase en Artes e no 1775 obtivo na

citada facultade os títulos de licenciado e mestre. Foi profesor de Matemáticas no 1772 na Universidade de Santiago, primeiro como substituto e, desde 1774, como **catedrático** ata 1792.

D. Francisco Cao, médico, bacharel en Valladolid en 1757, rexeitou a cátedra de Física experimental de 1773 a 1782; de 1782 a 1790 ocuparon a cátedra eclesiásticos o que fai supoñer unha docencia escolástica e sen prácticas.

D. Francisco de Neira, (S Miguel de Orbazai (Lugo) 1754, e morre probablemente en Madrid, é un dos principais defensores e introdutores da ciencia moderna en Galicia, doutor en Medicina, perfeccionou en París seu estudos de Anatomía, Cirurxía, Física Experimental, Química e algunhas partes das Matemáticas. Foi nomeado **catedrático de Física Experimental** por carta-orden de 23/10/1789, sen oposición. Enfrontouse o claustro da universidade o temer estes a desaparición da Física aristotélica e marchou a Madrid como catedrático.

D. Gabriel Fernández Taboada, Ourense 1776. Santiago 1841. realizou estudos de Farmacia, e na Real Escuela Práctica de Química de Madrid No 1804, viaxe de estudos a París, e alí contactou co matemático galego Xosé Rodríguez. Foi **profesor de Química** da Universidade compostelá no 1811.e esta era unha materia marxinal na cátedra de Física experimental.

D. Pedro Gómez de Bedoya y Paredes, Plasencia (Cáceres) , Falecemento: Santiago de Compostela 1776. Medicina Anatomía, Hidroloxía, Anatomía. O autor da obra máis relevante da Hidroloxía galega, pioneiro na Anatomía e Cirurxía galegas. Escribiu a **Historia Universal de las fuentes minerales de España e Descripción de 54 fuentes minerales del Reyno de Galicia**, na Biblioteca Nacional o manuscrito (1772), feito pola orde do R. Tribunal del Proto-Medicato.

D. Fernando Oxea, Santiago de Compostela ?, morre en A Coruña 1792. Médico do Concello coruñés. Despois de tentar ser profesor na universidade compostelá sen éxito, foi nomeado médico do Gremio e Claustro da Universidade de Santiago e xuíz examinador da Subdelegación do Real Tribunal do Protomedicato do Reino.Publicou diferentes textos de medicina. Foi académico correspondente da Real Médico-Matritense e o Concello de Oviedo requiriu en dúas ocasións, 1783 e 1784, para que actuase como médico municipal daquela cidade

D. José Rodríguez González, (Bermés, Lalín,1770, Santiago de Compostela, 1824), tamén coñecido como *Matemático Rodríguez*, foi un matemático e agrónomo español. Viaxou por Francia, Inglaterra e Alemania, recorrendo as principais universidades e centros literarios, Foi catedrático de Astronomía do Real Museo de Ciencias e o seu nome foi moi recoñecido no estranxeiro.



D. Fernando Sande y Lago, Noia?? , Morte descoñecida, Veterinaria, Xeoloxía, Hidroloxía. Renovador da ciencia, albeite relevante. Sponse que foi en Santiago de Compostela onde se formou cultural e cientificamente. Publica no 1717, 1ª Ed *Compendio de Albeytería*, tratase dun tratado sobre a cura e mantemento de cabalos e mulas. Traducida á lingua portuguesa.

Frei Martín Sarmiento, Cerdedo (Pontevedra) 1690? , Madrid 1772, Ciencias experimentais, Filosofía. Bieito e científico, a Historia Natural foi un dos eixes do seu interese. Nas tres viaxes que realizou a Galicia (1725, 1745 e 1754) describiu



lugares, inscricións, "vegetables" cos seus nomes galegos e os seus debuxos, nomes de peixes, cunchas, mariscos e outros animais, e rexistrou cantas voces galegas puido recoller. *Pensamientos Crítico-Botánicos, Onomástico Ethimológico de la Lengua Gallega, Sobre un vegetable llamado Seyxebra* e parte da *Obra de 660 Pliegos*. Desde 1728 corrixiu e formou índices da obra de Feijoo, da que era censor por orde superior.

D. Juan Sobreira y Salgado, Beade (Ourense) 1746, Sopenetrán (Guadalajara) 1805 ingresou na orde beneditina pasando por numerosos conventos. Parece que en 1785 estivo no convento de San Martín, onde ordenou os papeis de frei Martín Sarmiento, falecido en 1772. O "Ensayo para la Historia General Botánica de Galicia", e tamén unha "Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia",

D. Julián Francisco Suárez Freire, Santiago de Compostela 1751 -----1832 cursar os estudos de Farmacia en Madrid e foi o primeiro español doutor en Farmacia, grao que obtivo en principio en 1784 Exerceu en Santiago e no 1806 foi o primeiro catedrático do Colexio de Farmacia de Santiago

D. Francisco Sueiras, Santiago de Seré, Somozas (Lugo) 1685. A data da súa morte e descoñecida. Foi médico, e Ministro Del Santo Oficio de Inquisición Del reyno de Galicia Foi Médico no Hospital Real de Compostela, con enfrontamentos, relevantes denuncias e expulsión. En Madrid exerceu a súa profesión e foi profesor do Hospital dos irlandeses e Médico de Cámara de el Rei.

As mulleres científicas, xeómetras e matemáticas

Vimos traballando sobre a necesidade de afondar nas contribucións de científicas no mundo das ciencias³. Non coñecemos, polo momento, moitas referencias sobre mulleres galegas científicas: Soamente en publicacións e traballos de estudosas^{4a} da historia das mulleres atópanse datos, estas estudosas rastrean datos fiscais, datos notariais etc..... No campo das letras hai mulleres galegas como a escritora e poetisa **Dona M^a Francisca de Isla e Losada** que ten textos en galego^{4b}.

No Hospital Real de Santiago de Compostela, temos a **Enfermeira Maior, Ama Maior, Enfermeiras, Mozas de sala e nodrizas**. A Enfermeira Maior e a Ama maior estaban consideradas como Ministros Maiores pero sen voto. Neste campo o longo do século^{5a} figuran como:

Enfermeira Maior, no que segundo se observa parece ser un cargo vitalicio e hereditario figuran as seguintes:

Dona Benita Cabrera desde 1685, foi filla de Dona María Cabrera (Novembro de 1674).

Dona M^a Antonia Ramos Solís, desde maio de 1741 ata que cesa.

Dona Rosa Entero Ramos y Solis, filla da anterior, é nomeada de seguido ata o 20 de febreiro de 1778.

En canto a o nº de enfermeiras e mozas de sala (eran tres salas) pasou de 2 a principios de século ata 4 de praza e outras catro asalariadas, a final do mesmo.


Como **Ama Maior**, e que coma no caso das enfermeiras maiores parece ser un cargo vitalicio e hereditario figuran as seguintes :

Dona M^a Bernarda Freire como Ama maior de nenos expósitos foi nomeada no 1698 sendo neta de **Dona Antonia Freire** que morre no 1675. **Dona M^a**

Bernarda Cabrera deixa o cargo no 1711. **Dona M^a Bernarda Mexía**, casada, xubilase no 1741. **Dona Estefania de Flores**, casada, morre no 1749. **Dona María Ocampo y Flores** (filla de Estefania) é nomeada a continuación e morre no 1757, no que é nomeada a súa irmá **Dona María Ocampo** que morre no 1760. **Dona Antonia de la Concha**, solteira, xubilase no 1795.

Faremos mención da **Enfermeira y puericultora** galega máis recoñecida:

Dona Isabel Zandal Gómez^{6a,b} Ordes (A Coruña) 1770-73- Puebla (México) 1820. Enfermeira e Puericultora. Coñecida como Zandal, Cendal e outros nomes, pólo que tardouse en coñecela. No ano 1793 traballa no Hospital de la Caridad, que dirixía Teresa Herrera, do que chegou a ser rectora.



No ano 1800 axudou ao Dr. Posse á realización das primeiras vacinacións antivariólicas en Galicia e foi Rectora da Real Expedición Filantrópica da Vacina de variola do doutor. Francisco Xavier Balmis de 1803 para vacinar da variola a centenas de miles de habitantes das Antillas, Nova España, Filipinas, etc... No

ano 1806 ficou en Puebla (México), traballando no Hospital de San Pedro (fundado no ano 1545) como encargada da sala de vacinacións, comportándose como unha experta enfermeira.

Dona Josefa Martínez de Palacio (1752),^{4a} menciónase en datos fiscais como boticaria en Santiago de Compostela, se ben temos que mencionar que a muller por lei, no momento máis permisivo da lei so podía ser boticaria se tiña un home o 50% na botica; é de supoñer que outras traballarían nesas boticas ben como empregadas ou traballando nas formulacións cos maridos e non son mencionadas.

Bibliografía

- 1 a) *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela, Vol I. De los orígenes al s.XIX*. Cord, X.R. Barreiro, P.L. Gasalla e P. Saavedra. Servicio de Publicacións e Intercambio científico. ISBN 84-8121-77-8, 2000. b) *Ciencia en Galicia e os Científicos do século XVIII*, M R. Bermejo, M.I. Fernández-García, B. Fernández, E. Gómez, A. M González-Noya, I. García-Seijo, L. Rodríguez Silva, M. Maneiro, R. Pedrido, X. Pintos Boletín das Ciencias, nº 81, XXVIII Congreso de Enciga, p 81. ISSN: 0214-7807 (2015)..
- 2 *Antonio y Anselmo Arias Teixeira. Dos lulistas gallegos en el siglo de la Ilustración*, M Álvarez Soaje, Tesis Doctoral 2012, [lectura:27/04/2015b) https://dspace.usc.es/bitstream/10347/6413/1/rep_318.pdf.
- 3 *As mulleres científicas: esas descoñecidas da historia*, M.R. Bermejo, B. Fernández, Fernández M.I. Fernández García, E. Gómez Fórneas, Ana M. González Noya, Ines Garcia Seijo, María A. Lires, , Xoana Pintos, Marcelino Maneiro, Rosa Pedrido, M Jesus Rodríguez, , M. Jose Romero, Boletín das Ciencias, ISSN:0214-7807, nº 79, (2014)
- 4 a) *Las mujeres en la economía urbana del antiguo regimen: Santiago durante el siglo XVIII*, Serrana M^a Rial García, Edicions do Castro ,Sada- A Coruña, ISBN:84-7492-976-8, 1995. b) *La primera mujer propuesta para ingresar en nuestra academia*, Franciaco Aguilar Piñal, hppt: Institucional.us.es/revistas/rasb/19/art-4.pdf
- 5 *El Real Hospital de Santiago de Compostela en la segunda mitad del siglo XVIII. Cargos y servicios*. M^a Teresa Pensado Castiñeiras. Monographica. Cuadernos de la Fac de Filosofía y Letras. USC, Serie II. Número 1-1963.
6. a) "Resuelto el enigma de la rectora Isabel"; , A. López Mariño, La Opinión, A Coruña o 9 de marzo de 2013, b), "A flor de piel". J. Moro, Ed. Seix Barral, 2015. ISBN: 9788432224942. De Ecelan - Derivative work from:File:Philippines location map.svg (GFDL & Cc-by-sa)File:Jeringuilla.svg (GFDL & Cc-by-sa)carrack in Open Clip Library (PD), author papapishu, GFDL, <https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=7009400>